



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



**PROGRAMAS INTEGRADOS – MRR**  
**PROGRAMA INTEGRADO PARA O FOMENTO DA EMPREGABILIDADE**  
**DE PERSOAS VULNERABLES**

# **BOLETÍN PROGRAMA INTEGRADO MRR- ASPERGA**

25/11/2022



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## Índice de contenido

BOLETÍN PROGRAMA INTEGRADO MRR- ASPERGA.....	1
Ofertas Empleo Privado.....	3
Ofertas Formativas.....	8
Fundación ONCE- Talento Digital: Formación en competencias básicas dixitais e tecnolóxicas.....	9
Bolsas e Axudas.....	10
200 bolsas Fundación Universia para persoas con discapacidade.....	10
Axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas.....	11
Información de Interese.....	12
Tarxeta de Demandante de Empleo DARDE: Alta, baixa e suspensión .....	12
Accións Formativas 2022 - 2023 Dirixidas Prioritariamente A Persoas Desempregadas (AFD).....	14
Programas Cooperación Con Entidades Sen Ánimo de Lucro 2022 .....	15
Consellos para escribir a Carta de Presentación.....	16
I Xornada de Empleo “Na procura de novos camiños”.....	17
Orientabot: chatbot de recursos para a vida profesional.....	18
Outros Boletíns de Ofertas de Empleo e Informacións.....	19
Informacións Boletíns Anteriores.....	20
Ofertas Formativas:.....	20
Bolsas.....	20
Oportunidade ao Talento -Fundación ONCE.....	20
Información de Interese:.....	20

## Ofertas Empleo Privado

Posto de traballo	Localidade	Descrición-Requisitos	Empresa	Contacto - Ligazón
<b>Preparación pedidos e xestión mercadería</b>	A Coruña	Preparación de pedidos e xestión de mercadería IKEA Coruña (20H, Madrugadas) Responsabilidades: Contribuír a mellorar a experiencia de compra dos nosos clientes en todas as canles de vendas, garantindo para iso a dispoñibilidade de mercadería. Axudar no proceso de reposición da tenda antes a súa apertura. Garantir a preparación ou a recollida dos pedidos por parte dos clientes, na tenda. Optimizar os fluxos de mercadería (Reposición, almacenaxe, limpeza, seguridade) para asegurar a dispoñibilidade de stock.	IKEA	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Administrativo de obra</b>	A Coruña	Seleccionamos a un administrativo/a de obra para empresa do sector eléctrico situada na Coruña. Funcións: - Petición de orzamentos. - Xestión de pedidos de material. - Realización de informes. - Xestión de documentación. - Entre outras tarefas propias do posto de traballo. Requisitos: - Experiencia mínima realizando tarefas similares ás descritas. - Buscamos a unha persoa dinámica e proactiva. - Valorable residencia próxima ao posto de traballo. - Dispoñibilidade de incorporación inmediata. - Carné B e vehículo propio. Formación: - GM en delineación, arquitectura ou similar. - Valorable coñecementos en electricidade. Con Certificado de Discapacidade	Fundación Eurofirms	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Axudante dependente de tenda</b>	A Coruña	Empresa do sector téxtil e comercio busca un/a axudante/a de dependente/a para traballar na Coruña. Tarefas: - Limpeza de tenda. - Reposición de produtos. - Atención ao cliente e asesoramento. - Outras tarefas propias do posto de traballo.	Eurofirms	<a href="#">Ligazón</a>



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



		Requisitos: - Experiencia relacionada en atención ao cliente. - Buscamos a unha persoa dinámica, responsable, organizada e con atención aos detalles. - Valorable residencia próxima ao posto de traballo. - Disponibilidade horaria entre luns e domingo. Formación: ESO finalizada.		
<b>Dependiente</b>	A Coruña	Buscamos un dependente/a para a <b>campaña de Nadal</b> para recoñecida firma de papelería e artigos de agasallo. Tarefas de: - Atención e asesoramento ao cliente. - Promoción de vendas. - Reposición de produtos e coidado do visual do corner. - Entre outras propias de posto. Requisitos: - Experiencia mínima como dependente/a e/o promotor/a. - Buscamos a unha persoa proactiva, dinámica e con don de xentes. - Valorable residencia próxima ao posto de traballo. Formación: Valorable ESO finalizada.	Eurofirms	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Auxiliar de servizos de acceso</b>	A Coruña	Seleccionamos un auxiliar de servizos para realizar o control de accesos nunha empresa da Coruña. O servizo é para cubrir vacacións, en horario de 8:30 a 13:30 de luns a venres desde o 12 ao 30 de decembro, ambos os incluídos. Forma de contacto: Inscribirse na oferta ou enviar cv a <a href="mailto:acoruna@bicolan.com">acoruna@bicolan.com</a>	Bicolan	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Expendedor gasoleira</b>	A Coruña	Estamos a buscar perfís de expendedores para a nosa Estación de Servizo situada na Coruña (CP 15008), para cubrir ausencias por VACACIONS ou reforzo por INCREMENTO DE ACTIVIDADE. O perfil que estamos a buscar require ter paixón polo cliente, debe ofrecer un servizo de calidade e unha atención personalizada. <b>CONDICIÓN:</b> Vacante dispoñible a xornada completa Horario Xornada completa: Luns a venres de 14:15 a 21:45 Formación inicial remunerada (con alta de contrato) para ensinarche todo o que necesitas. Contratación 15 días Salario mensual 650 €/brutos	Plenoil	<a href="#">Ligazón</a>



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



		IMPRESINDIBLE INCORPORACIÓN INMEDIATA* Requisitos: Disponibilidade para traballar a xornada completa na quenda indicada Gran orientación e servizo ao cliente Con boas habilidades para a relación con clientes Responsable e comprometido co proxecto Con iniciativa, dinámico e prol activo Carné de conducir B1 e vehículo propio Coñecementos en windows e office		
<b>Recepcionista de hotel</b>	Carballo	IDENTIFICADOR DE LA OFERTA: 12/2022/13349 DETALLES: Recepcionista de hotel. Titulación axeitada. 12 meses de experiencia	Oficina de Empleo	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Técnico superior en proxectos de obra civil</b>	A Coruña	IDENTIFICADOR DE LA OFERTA: 12/2022/12148 DETALLES: PRECÍSASE UN TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROXECTOS DE OBRA CIVIL. CONTRATO DE RELEVO A TEMPO PARCIAL (18,45 HORAS SEMANAIS)	Oficina de Empleo	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Axudante dependiente</b>	Santiago	Seleccionamos ayud.dependente/a 21 h con <b>Certificado de Discapacidade</b> para CC As Cancelas ,Santiago Compostela. Funcións: - Control de vendas e consecución de obxectivos económicos. - Xestión de produto e visual merchandising. - Atención ao cliente. Ofrecemos: - Salario fixo + variable - Formación inicial a cargo da empresa. - Plan de Carrera dentro unha cadea en plena expansión	Inside	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Programador informático</b>	A Coruña	REQUISITOS Formación e/o experiencia en programación. <b>Imprescindible estar en posesión do certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%.</b> FUNCIONES Escribir código para crear novos programas ou aplicacións, mantemento de programas ou aplicacións existentes, teste e monitorización de aplicacións e solución de erros. CONDICIONES Contrato indefinido. Xornada completa e partida. Posibilidade de teletraballo. Salario 18.000 euros brutos anuais.	COGAMI	<a href="#">Ligazón</a>



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



<b>Persoal administrativo e recepción</b>	Baio-Zas	REQUISITOS Competencias comunicativas, don de xentes e competencias para o traballo en equipo. <b>Imprescindible estar en posesión do certificado igual ou superior ao 33%.</b> FUNCIÓNS Tarefas de recepción, citación de pacientes, apoio en clínica, desinfección de material, colocación de pedidos... CONDICIÓN Contrato a media xornada. Quendas rotativas. De luns a venres en horario de 9:30 a 13:30 horas e de 16:00 a 20:00 horas alternando 1 semana de mañá e 1 semana de tarde. Incorporación inmediata.	COGAMI	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Dependiente moda deportiva</b>	A Coruña	Estudos mínimos Educación Secundaria Obrigatoria Experiencia mínima Polo menos 1 ano Imprescindible residente en Provincia Posto Vacante Coñecementos necesarios Ventas Atención ao cliente Deportes	Staffpremium SL	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Caixeiro</b>	A Coruña	Actualmente abrimos 2 vacantes a horario parcial (20h), para traballar en horario de tarde. Dispoñibilidade de incorporación inmediata. Funcións requiridas: Formarás parte do equipo da liña de caixas.	Euro Depot	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Peóns do transporte de mercaderías e descargadores</b>	A Coruña e Ferrol	Oferta do Programa de Cooperación a través da Oficina de Emprego. Contacto da Asociación ofertante para envío candidaturas: Tfno.: 981358573 Correo: <a href="mailto:dignidadferrol@hotmail.com">dignidadferrol@hotmail.com</a>	Asociación Dignidad Galicia	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Empregados administrativos</b>	A Coruña	Oferta do Programa de Cooperación a través da Oficina de Emprego. Contacto da Asociación ofertante para envío candidaturas: Tfno. 1: 981168040 Tfno. 2:698176786 Correo: <a href="mailto:aspesorc@gmail.com">aspesorc@gmail.com</a>	Asociación de Persoas Xordas de A Coruña	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Empregados administrativos</b>	A Coruña	Oferta do Programa de Cooperación a través da Oficina de Emprego. Contacto da Asociación ofertante para envío candidaturas:	Federación de Asociacións de	<a href="#">Ligazón</a>



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



		Avenida Peruleiro Nº 18 Baixo Esq., A Coruña Tfno. 1: 669895314 Tfno. 2:981942380 Correo: <a href="mailto:carina.rivera@feafesgalicia.org">carina.rivera@feafesgalicia.org</a>	Familiares e Enfermos Mentais de Galicia	
<b>Deseñadores gráficos e multimedia</b>	A Coruña	Oferta do Programa de Cooperación a través da Oficina de Emprego. Contacto da Asociación ofertante para envío candidaturas: Avda. de Cádiz, 5, 2º Esq., A Coruña; Tfno. 1: 981269955 Tfno. 2:686237462 Correo: <a href="mailto:meninos@meninos.org">meninos@meninos.org</a>	Fundación Meniños	<a href="#">Ligazón</a>
<b>Programadores informáticos</b>	A Coruña	Oferta do Programa de Cooperación a través da Oficina de Emprego. Contacto da Asociación ofertante para envío candidaturas: Avda. de Cádiz, 5, 2º Esq., A Coruña; Tfno. 1: 981269955 Tfno. 2:686237462 Correo: <a href="mailto:meninos@meninos.org">meninos@meninos.org</a>	Fundación Meniños	<a href="#">Ligazón</a>



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## Ofertas Formativas

Tipo Formación	Información	Ligazón
<b>Cursos PICE</b>	<p>Formación presencial e en liña correspondente ao Programa de Integración e Cualificación para o Emprego (PICE) para persoas novas inscritas en Garantía Xuvenil. Organiza a Cámara de Comercio de A Coruña.</p> <p>Os cursos conteñen primeiro unha <a href="#">formación troncal</a> (empleabilidade) e a continuación unha formación específica, de acordo á orientación e formación de cada mozo. Para poder realizar a formación específica é obrigatorio realizar previamente a formación troncal.</p> <p><a href="#">CURSOS PRESENCIAIS</a> - <a href="#">CURSOS EN LIÑA</a></p>	<a href="#">Cursos PICE</a>
<b>Proxecto Lanzadeira WiT</b>	<p>600 bolsas para mozas e mozos de 18 a 35 anos que queiran formarse en competencias dixitais que lles abran camiño a desenvolverse profesionalmente en contornas dixitais.</p> <p>Para acceder á bolsa gratuíta de formación en liña en IT support con Certificado Profesional de Google non é necesaria ningunha experiencia previa e poden solicitarse a través da páxina de Lanzadeira WiT. Prazas limitadas.</p>	<a href="#">Work in Tech</a>
<b>Cursos Aula CEMIT Novembro</b>	<p>A aula CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) presenta a oferta de cursos presenciais que terán lugar no mes de Novembro na aula CeMIT situada no Centro Cívico de Eirís.</p>	<a href="#">Aula CEMIT Novembro 2022</a>
<b>Prácticas</b>	<p>The Walt Disney Company está a ofrecer unha serie de programas de prácticas para aquelas persoas que desexen adquirir competencias e mellorar o seu currículo nesta multinacional estadounidense.</p> <p>Os lugares onde se realizarán as prácticas son:</p> <p><i>Bristol (estado de Connecticut)</i></p> <p><i>Nova York</i></p> <p><i>Os Ánxeles (California)</i></p>	<a href="#">Máis Información</a>





Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## Fundación ONCE- Talento Digital: Formación en competencias básicas dixitais e tecnolóxicas

Formación en modalidade presencial, a distancia ou en liña. Fíxate antes de reservala túa praza!!

### Formación en competencias básicas dixitais e tecnolóxicas.

A este grupo pertencen aquelas accións formativas que se ocupan de proporcionar ao alumnado a capacidade de integrarse no mundo dixital cunha actitude positiva, de maneira que lles permita permanecer abertos á transformación que se produce, aceptala e integrarse nela, tanto no ámbito laboral ou como no persoal. Tamén facilitan a adquisición de coñecementos básicos para usar un computador e manexar as ferramentas asociadas ao mesmo, así como desenvolverse con soltura na internet, xerando hábitos adecuados no uso do PC e achegando ao alumnado ás boas prácticas nas Redes Sociais.

### Formación especializada en profesións dixitais e tecnolóxicas.

A este grupo pertencen cursos de alta cualificación especializada que permiten a adquisición de coñecementos e práctica experta en profesións do sector dixital e tecnolóxico, actualmente con gran demanda no mercado laboral.

Fundación ONCE | talento digital | grupo social ONCE

¿Qué es XTD? | Cursos | Becas | Blog | Alumni | Colaboradores

Formación en competencias básicas digitales y tecnológicas

Formación especializada en profesiones digitales y tecnológicas

¿Quieres recibir más información sobre los cursos y becas Por Talento Digital?



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## **Bolsas e Axudas**

### **200 bolsas Fundación Universia para persoas con discapacidade**

**uni>ersia**  
**FUNDACIÓN**

Fundación Universia convoca 200 bolsas de 1.000 euros para estudantes con certificado de discapacidade de grao igual ou superior ao 33%, para así impulsar o seu acceso e progreso académico en igualdade de oportunidades. Este programa de bolsas promove a educación inclusiva e de calidade.

[Máis información](#)

## Axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas



A Consellería de promoción do Emprego e a Igualdade convoca bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego.

As accións formativas con dereito a bolsa son as que se inicien entre o **1 de novembro de 2022, día da entrada en vigor desta orde, e o 31 de outubro de 2023** (ambos incluídos).

**Prazo:** A persoa traballadora desempregada deberá presentar a súa solicitude no prazo dun mes desde a súa incorporación á acción formativa.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento TR301V

Máis información no DOG do 28 de outubro de 2022 e en <https://empregoigualdade.xunta.gal/formacion/formacion-emprego/bolsas>

## Información de Interese

### Tarxeta de Demandante de Emprego DARDE: Alta, baixa e suspensión



Cando unha persoa se inscribe na Oficina de Emprego pasa a ser un/unha demandante

en situación de desemprego. Nese momento recibes o

Documento de Alta e Renovación da Demanda DARDE.

Nel vas ver os teus datos pessoais, data de inscrición, datas de renovación,

o número PIN para renovación.

A demanda de emprego pode estar en tres situacións distintas:

- alta
- baixa ou
- suspensión

É moi importante ter en todo momento controlado en que estado atópase a DARDE, xa que en cada un deles as persoas demandantes teñen distintos dereitos e obrigacións. Calquera dúbida que teñas, podes poñerte en contacto coa orientadora laboral do Programa Integrado, cos servizos de orientación laboral de Emprego Galicia, coa túa oficina de emprego a través de [internet](#) ou telefónicamente chamando ao 012.

A continuación tes unha táboa explicativa coas características das 3 posibles situacións.

**DEMANDA DE EMPREGO - XUSTIFICANTE**

N.I.D. :  
Data de nacemento :  
**DEMANDA RENOVADA**

**DATOS DEL USUARIO**

Oficina de emprego:  
OOURN5 - O.E. OURENSE-CENTRO  
CL. PROGRESO, 11  
988222379

Data real de renovación : 9-04-2016  
Datas para as próximas renovacións: 9-07-2016 8-10-2016 7-01-2017

Esta demanda ten unha validez temporal ata a data arriba indicada.  
O horario de renovación nas oficinas de emprego é de 9 a 11 horas. A demanda de emprego débese renovar exclusivamente nas datas sinaladas.

Data de impresión: 9-04-2016 09:55  
Portal de emprego <http://emplego.xunta.es>

v 4.00 (r.es) 10 - 09:55

ALTA	BAIXA	SUSPENSIÓN
<p>Vixencia temporal, <b>renovada</b> periodicamente cada 90 días. A falta de renovación da tarxeta supón o paso á <b>situación administrativa de baixa</b>, tendo consecuencias negativas, por exemplo perder a antigüidade de demandante de emprego, necesaria para poder solicitar algunhas axudas e prestacións. Se esquenciches renovar no seu momento, podes <b>reactivar a demanda</b>.</p> <p><b>OBRIGAS:</b> buscar activamente traballo, estar ao dispor dos servizos de emprego, renovar a demanda, acudir ás citacións da oficina de emprego, aceptar ofertas de traballo, comunicar cambios nas circunstancias persoais comunicar se hai incrementos de renda mentres recibe un subsidio, pedir autorización par viaxar ao estranxeiro, etc.</p> <p><b>DEREITOS:</b> recibir asesoramento e orientación para a procura de emprego, recibir formación mediante cursos, intermediación laboral para acceder a ofertas de emprego, etc.</p> <p>Ademais, estar dado de alta como demandante de emprego é <b>requisito imprescindible</b> para solicitar calquera prestación, subsidio ou axuda por desemprego.</p>	<p>A demanda está en situación de baixa por distintos motivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cando o demandante atopase traballo</li> <li>• Por non renovar a demanda na data establecida.</li> <li>• A pedimento do propio demandante.</li> </ul> <p>Lembra que se percibes algún tipo de prestación e empezas a traballar, tes que informar obrigatoriamente á oficina de emprego. Podes comunicalo na oficina, por teléfono ou por <b>internet</b>.</p> <p>Coa demanda en <b>situación de baixa</b> xa <b>non</b> é posible <b>recibir os servizos da oficina de emprego</b>.</p>	<p>A demanda de emprego pode estar <b>suspendida temporalmente</b> por diversas razóns:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Incapacidade temporal do/a traballador/a</li> <li>• descanso por baixa maternal</li> <li>• estar a realizar accións de formación, cursos,</li> <li>• privación de liberdade, etc.</li> </ul> <p>Nesta situación a <b>demanda se mantén vixente e non existe a obriga de renova-la mentras se manteña a causa da suspensión</b>.</p> <p>A demanda de emprego en suspensión pode estar á súa vez en dous estados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Suspensión con intermediación:</b> quere dicir que o/a demandante pode recibir ofertas de emprego</li> <li>• <b>Suspensión sen intermediación:</b> supón que o/a demandante non recibirá ningún servizo</li> </ul>



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## Accións Formativas 2022 - 2023 Dirixidas Prioritariamente A Persoas Desempregadas (AFD)

En total 1.063 accións formativas que Emprego Galicia pon a túa disposición para mellorar as túas competencias profesionais.

Para maior comodidade, as ditas accións formativas preséntanse separadas por provincias e, dentro das mesmas, ordeadas alfabeticamente por concellos (da A á Z), coa estimación das datas previstas para a súa realización.

Lembra! con carácter xeral, dous meses antes do inicio das accións formativas as poderás consultar no buscador de formación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a través [deste enlace](#).

Neste buscador terás información detallada de cada actividade (especialidade que se impartirá, contidos, nivel de certificado profesional, data de inicio prevista, horario, modalidade de impartición, localidade, centro de formación e datos de contacto do mesmo), incluíndo tamén os pasos a realizar para poder anotarse a aquelas accións formativas que sexan de interese para cada persoa.

Por último, resaltar que estas **accións formativas son de balde** para todo o alumnado.

[Relación completa de AFD 2022-2023](#)

Para facilitar a busca dos cursos do teu interés, utiliza a caixa de busca (que busca en todas as columnas o texto que introduzas). Tamén podes ordear as columnas por orden alfabético (da A á Z, pulsando unha vez no título da columna que desexes ordear, ou da Z á A, se pulsas dúas veces no título da columna que desexes ordear).

**Provincia da Coruña (335 accións formativas)**



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## Programas Cooperación Con Entidades Sen Ánimo de Lucro 2022


Os [programas de cooperación](#) son instrumentos a través dos que se ofrece ás persoas demandantes de emprego unha oportunidade para adquirir a experiencia laboral que lles poida facilitar a súa futura inserción no mercado de traballo. Para iso, [Emprego Galicia](#) concede, cada ano, subvencións destinadas a financiar a contratación de persoas desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social en colaboración coas entidades locais ou coas entidades privadas sen ánimo de lucro con centros de traballo en Galicia.

Estes programas de apoio cumpren así unha dobre función: mellorar a empregabilidade das persoas contratadas a través da adquisición de experiencia na súa categoría profesional e realizar tarefas e servizos de utilidade social e de interese para a comunidade.

Na ligazón dos [Programas de Cooperación](#) poderás consulta:

- Requisitos a cumprir polas persoas demandantes
- Forma de selección
- Listaxe de entidades e postos ofertados

**Data máxima para contratación 10 de decembro do 2022**



## Consellos para escribir a Carta de Presentación

### A quen vai dirixida a carta?

Se sabes o nome da persoa que vai recibir a carta indícao.  
Senon diríxeaa ao Departamento de Recursos Humanos



Estimado/a Sre/Sra...:

Á atención do Dpto. RRHH:

### Presentación e Motivo

Preséntate brevemente e explica o motivo do envío da carta.



### Descrición das túas competencias

Relaciona a túa formación, competencias, habilidades ou experiencias co posto de traballo ao que queres optar.  
Non repitas toda a información do curriculum.  
Demuestra que eres o candidato ideal!!



### Petición de entrevista

Mostra interese en ter unha cita persoal, unha reunión ou unha entrevista de traballo.  
Engade os teus datos de contacto



### Despedida

Agradece o tempo adicado e despídete.  
Se a envías como corpo do correo electrónico, crea a tua firma.



[Carta de presentación corta: exemplos e consellos](#)





Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## I Xornada de Emprego “Na procura de novos camiños”

Accem Coruña organiza unha xornada de emprego na que participarán técnicas/os de selección e empresarias/os.

No evento darannos consellos de como mellorar a procura de emprego ou como crear unha empresa.

Tamén haberá espazo para realizar propostas e ampliar a túa rede de contactos, interactuando coas/os relatores e o resto de asistentes.

**Organiza: Accem Coruña**

**Data: martes 29 de novembro**

**Dirección: Salón de Actos do Forum Metropolitano,**

**R/Moneiros 1 en A Coruña**

**Horario: 9:00 – 14:00 h**

Formulario de inscrición clicando [aquí](#)



## Orientabot: chatbot de recursos para a vida profesional

Coñeces [Orientabot](#) ?


Seve Izquierdo e o deseñador gráfico Full Lopasa crearon unha ferramenta marabillosa.

Orientabot é o chatbot que che facilita o acceso a unha selección dos mellores recursos sobre Información Xuvenil, Orientación Académica e Profesional, Educación, Formación, Desenvolvemento Profesional, Emprego, Autoemprego e Competencia Profesional.

Accede gratis e sen dar os teus datos persoais a través da App ou directamente desde a ligazón:

[www.orientabot.com](http://www.orientabot.com)

Orientabot non che orienta, axúdache a orientarche e recoméndache sempre acudir e consultar persoalmente aos servizos de Información Xuvenil e Orientación Profesional da túa zona para unha mellor atención. [Escoitar](#)





Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## Outros Boletíns de Ofertas de Emprego e Informacións

[Boletín Semanal de Empego Público de España](#)

[Emprego Público](#)

[Plan Coordinador Servizos Sociais Consorcio das Mariñas](#)

[Boletín de Ofertas de Emprego y Formación da Confederación de Empresarios de Galicia](#)

[Boletín de Emprego Concello de Sada](#)

[Boletín Axencia Local de Colocación de Santiago de Compostela](#)





Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## **Informacións Boletíns Anteriores**

### **Ofertas Formativas:**

[Fundación Telefónica](#)

[Bolsas Google-Fundae](#)

### **Bolsas**

Bolsas Fundación Adecco:

[Bolsas en Mestrado, Grao ou FP para persoas con discapacidade](#)

[Bolsa en desenvolvemento Web con General Assembly](#)

[Oportunidade ao Talento -Fundación ONCE](#)

[Bolsas Fundación SEPI - Talentum Telefónica 2022](#)

### **Información de Interese:**

[Garantía Xuvenil – SEPE](#)

[Chave 365](#)

[Bono Alugueiro Para a Mocidade](#)

[Bono Cultural Novo](#)

[Oficina virtual de asesoramento para a xuventude. Mapa de Recursos 2022](#)